

Asunto: [fft] IMPORTANTE - Inicio do curso 2021-2022

De: Miguel Cuevas Alonso <fft.secretari@uvigo.es>

Fecha: 3/9/21 14:12

Para: fft@listas.uvigo.es

Universidade de Vigo	<i>Campus de Vigo</i>	Facultade de Filoloxía e Tradución	Praza das Cantigas, s/n Campus de Vigo 36310 Vigo España	Tel. 986 812 377 Fax 986 812 380 fft.uvigo.es fft.secretari@uvigo.es
--------------------------------------	---------------------------	--	--	---

Prezadxs colegas:

O vindeiro luns comezan as clases do curso 2021-2022. Esperamos que sexa un moi bo inicio de curso. Lembrámosvos algunhas cuestións:

- 1.- Este ano toda a docencia será presencial. Como sabedes, os horarios e a ocupación de aulas está feita a partires dos datos do curso anterior (os prazos de matrícula de 2º, 3º e 4º aínda están abertos). Pregámosvos que nos informedes de calquera discordancia entre o número de matriculados que asisten ás clases e o aforo máximo das aulas para poder buscar unha solución o máis rapidamente posible.
- 2.- Todas as aulas teñen na porta indicado o aforo máximo. Cada posto utilizable está marcado cunha pegatina de cor verde. O estudantado só poderá utilizar eses postos e débese respectar en todo caso o aforo máximo indicado para cada aula. O profesorado deberá evitar, como o ano anterior, os seus desprazamentos pola aula, co fin de evitar contaxios.
- 3.- Cada posto ten un código QR que se deberá escanear. No caso do profesorado, o código QR substitúe ao parte de asistencia polo que pregamos que ao comezo da clase o escanee para que quede constancia. Pregámosvos que calquera indicencia cos QR nola comuniquedes co fin de solucionalo de xeito inmediato.
- 4.- As medidas de seguridade, ventilación, desinfección e limpeza dos postos siguen sendo as mesmas que as do ano pasado.

A continuación lembramos as normas básicas de seguridade:

O estudantado deberá utilizar sempre o mesmo posto na aula. Os postos que poden ser utilizados están sinalizados cun adhesivo de cor verde. Pregámos ao estudantado que utilize sempre o mesmo posto na aula.

No caos de aulas con mobiliario móbil este non se debe mover para asegurar o mantemento das distancias de seguridade.

Ao entrar nas aulas, o estudantado atopará un código QR nas filas de asentos e o profesorado na súa mesa. Débese utilizar para que quede constancia das

persoas están a ocupar a aula.

Ao entrar e saír da clase, deberase desinfectar o posto cos panos de papel e o desinfectante virucida que estará dispoñible en cada aula. Nas salas informáticas utilizarás un film transparente para cubrir o teclado e outro para o rato antes de o manexar. Ao final da clase tirarase o film na papeleira. É obrigatorio desinfectar o posto (teclado e rato incluídos) antes e despois de usalo.

É moi importante lavar as mans con frecuencia con auga e xabón durante máis de 40 segundos ou utilizar o xel hidroalcohólico situado nas portas de acceso aos edificios, en todas as aulas e nos corredores. É obrigatorio facelo á entrada e saída dos pavillóns e das aulas.

É obrigatorio o uso de máscara en todas as dependencias do centro. Tamén é obrigatorio o seu uso nas aulas. Débese manter unha distancia mínima de 1,5m coas outras persoas, tamén ao entrar e ao saír da aula.

Na porta dos aseos estará marcado o aforo máximo. Pregámosche que, antes de entrar, te asegures de que este aforo non se supera.

Leva sempre contigo un número de teléfono dun familiar próximo, co fin de podelo localizar en caso de que presentes síntomas compatibles coa COVID-19.

A aula B14 é a sala COVID onde te levaremos en caso de que presentes síntomas compatibles coa COVID-19. En primeiro lugar, contactarase coa persoa responsable, o decano José Montero Reguera (tel. 647343170). Avisarase á túa familia de que debe contactar co seu centro de saúde ou co teléfono de atención á COVID-19. Se a persoa presenta dificultade para respirar ou se detecte unha situación grave, avisarase ao 112.

As portas e os corredores teñen sinalizadas a dirección da marcha e as preferencias. Deberás respectar esta sinalización. Debes camiñar polo teu lado dereito, mantendo unha distancia de seguridade de 1,5m co resto dos viandantes. Evita formar grupos, tamén nas zonas comúns dos pavillóns.

Deberase Ventilar 5-10 minutos o espazo se estaba previamente ocupado. Sempre que sexa posible, deberá manterse a ventilación durante toda a clase.

Evitarase o intercambio de material na aula.

Na Web teredes en breve o protocolo deste curso: <http://fft.uvigo.es/gl/facultade/prevencion-de-riscos-laborais/>

O calendario académico podeades atopalo en <http://fft.uvigo.es/gl/docencia/calendario-academico/>

Tamén está dispoñible a información sobre as Xornadas de Acollida: http://fft.uvigo.es/images/docs/alumnado/xornadas_de_acollida_2021-22.pdf

Moi bo inicio de curso!!

O equipo decanal

Antes de imprimir esta mensaxe asegúrese de que é necesario

A información incluída no presente correo electrónico é confidencial, sendo para o uso exclusivo da persoa destinataria.

En virtude do artigo 14 do Regulamento (UE) 2016/679 (RXPd) e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos (LOPDGDD), informámoslle que os seus datos de contacto están sendo tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo coa finalidade de envío de resposta a comunicacións e contactos xenéricos mediante o correo electrónico.

Vostede ten dereito a solicitarnos, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse a dito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Máis información en: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

La información incluida en el presente correo electrónico es confidencial, siendo para uso exclusivo de la persona destinataria.

En virtud del artículo 14 del Reglamento (UE) 2016/679 (RGPD) y del artículo 11 de la Ley Orgánica 3/2018, de Protección de Datos (LOPDGDD), le informamos que sus datos de contacto están siendo tratados bajo la responsabilidad de la Universidade de Vigo con la finalidad de envío de respuesta a comunicaciones y contactos genéricos mediante el correo electrónico.

Usted tiene derecho a solicitarnos, en cualquier momento, el acceso, rectificación o supresión de sus datos personales y la limitación de su tratamiento. También tendrá derecho a oponerse a dicho tratamiento, así como a solicitar, salvo casos de interés público y/o ejercicio de poderes públicos, la portabilidad de sus datos.

Más información en: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Lista de distribución de correo fft@listas.uvigo.es

Para dejar de recibir mensajes de esta lista: <mailto:fft-leave@listas.uvigo.es>

Administrador del servicio: admon-listas@uvigo.es